



O FARELO

Nº22
Outubro de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

A Xunta
cofinancia seis
espectáculos no
Teatro Principal
de Ourense



Páxina VI

A Xunta destina
31 millóns á
mellora de
estradas en
Lugo



Páxina IX

Concello e
Deputación
organizan 280
actos para o
San Froilán



Páxinas XI

III World
Humor Awards
en Italia



Páxina XII

Apróbase o
acordo de
reestruturación
parcelaria en
Castro Caldelas



Páxinas XV

A asociación Día
de Galicia en
Asturias
entregou as
insignias de ouro



Páxinas XIX a XXI



Festa da Carne en Montederramo

Páxina V

Entrevista



Diego Ameixeiras, escritor

“Escribir en clave realista ás
veces é entrar en lugares
que non son moi cómodos”

Páxina IV



Opinión

Por Rafael José Adalid Rodríguez

A honorabilidade do lume

O lume é deses grandes compoñentes imprescindibles do patrimonio cultural. Xoga tanto un papel principal, como acompañante en diferentes manifestacións de actos festivos. Visualizámolo pois en festas como a da noite de San Xoán, a queima do meco, fachóns, e outras moitas.

A súa presenza é observable inclusive en crenzas, ritos e supersticións, que van dende a queimada, calquera elaboración do pote das bruxas ou meigas, grimorios, ritos funerarios, o inferno propio de certas relixións, ata mesmo na mitoloxía nórdica co reino de Muspellheim e os xigantes de lume.

Dende un comezo, a súa principal función era a emisión de calor, a preparación de alimentos, así como a iluminación de espazos. A súa luminescencia non só proliferaba en camiños ou en lugares internos de residencias, alumeaba o maxín popular a través dos contos, lendas e mitos que eran reproducidos ó longo dos anos. Trátase pois dun elemento que adoita ocupar un lugar centralista da narración, como

cando Prometeo rouba o lume ós deuses. Cómpre lembrar ó tocar este ámbito que, en certas obras literarias de carácter amoroso, o lume alude á paixón entre os namorados.

Para certos pobos, ocupaba un carácter sagrado e de culto, como na antiga Grecia e Roma. Afirmación plausible a través dos antigos templos, onde se evitaba que este se apagara, así como coa función que se lle outorgaba ás Vestais. Tamén, para outros moitos, mesmo ten a capacidade de actuar como purificador de enerxías negativas.

Ó par que certas manifestacións acuíferas, outras poboacións honraban vertendo alimentos a este. En parte, podía ser considerado como medicinal, pois as brasas que producía empregábanse para deter certas hemorrxias. Pero historicamente, como ben é sabido na actualidade, pódese dar connotación negativa. Xa, supostamente, Nerón incendiara Roma.

Como sinaléi anteriormente, en Galicia a súa importancia radicaba na sociedade dende as crenzas populares, pasando

polo misticismo e a súa presenza nos diferentes ritos e actos festivos, ata formar incluso parte esencial dos coñecementos que a sociedade posuía sobre a natureza; presentes algúns destes aínda hoxe en día.

Non debe ser observable como algo físico, se non tamén simbólico. A importancia do lar, as lareiras, son tan resaltantes que mesmo dan nome ó fogar, delimitando as estancias máis importantes da casa.

Nos diferentes contos, lendas e mitos

galegos, ás veces se lle dá ou acata un ton maléfico ante o compoñente que o acompaña. Un dos causantes, pode ser a impregnación relixiosa que enmarca de forma xeneralizada a nosa cultura, e a asociación do diaño coas chamas do inferno. Mais na nosa terra, sempre se considerou como purificador e coidador ante certas doenzas, enfermidades.



Festa das Fachóns en Castro Caldelas o 19 de xaneiro.

Por Xosé González Martínez . Presidente do Foro E. Peinador

Alcaldes de vivos e mortos

Os antropólogos recoñecen nas entidades locais a existencia de dúas parroquias: a dos vivos e, dentro delas, a dos mortos, os cemiterios, recintos sacrosánticos. Neses espazos está depositada a memoria colectiva dos devanceiros, que se identifican nas lápidas escritas maioritariamente en castelán, idioma que nunca falan cos seus familiares e veciños que seguen a ser maioritariamente galegofalantes.

É difícil comprender o drama da renuncia á lingua dun pobo precisamente no tránsito da vida á morte. Pero é tan evidente esta anomalía cultural que os concellos deben exercer o seu maxisterio para emprender accións encamiñadas a emendar estas sinerxias históricas da renuncia á lingua propia nos espazos da memoria.

Os alcaldes sóno das parroquias de vivos pero tamén das dos mortos que o marco normativo regula. Velaí a Lei 151/2014, de sanidade mortuoria de

Galicia e as ordenanzas municipais regulamentadoras da taxa polos servizos dos cemiterios. As administracións municipais no uso das súas competencias xestionan eses espazos e o seu permanente decoro. Non todos os cemiterios son municipais. Máis de tres mil cincocentos son parroquiais, xestionados pola igrexa ou as comunidades veciñais. Pero estas están baixo a xurisdición administrativa das entidades locais e, xa que logo, suxeitos que dependen das accións da política institucional.

Os concellos como entidades básicas da administración, as que están máis próximas á cidadanía, deben exercer o maxisterio pedagóxico necesario para crearen conciencia cívica, procurando a cohesión social. A cultura e a lingua son medios que a facilitan. De aí que a lexislación lles atribúa aos Concellos esa competencia artellando alternativas para o fomento e uso da lingua galega en todas as ordes da vida social. É un

mandato legal recollido no Estatuto de Autonomía, na Lei de Normalización Lingüística e noutras disposicións do ordenamento xurídico.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG) vén de enviarlles aos rexedores municipais dos trescentos quince concellos a proposta de celebraren o día Día da Restauración da Memoria Lingüística nas semanas anteriores á celebración do Día de Defuntos. Durante os últimos vinte anos celebraron en colaboración de moitísimos concellos actos nos camposantos para deixar constancia, coa colocación dunha placa na porta de entrada a eses recintos, o recoñecemento ao legado cultural que nos deixaron os que moran alí "Na memoria das persoas que xacen aquí, porque grazas a eles Galicia segue a ter cultura e lingua de seu". Nalgúns casos, cos permisos das familias, procédese a cambiar a lápida en castelán por outra en galego, para facer xustiza a súa memoria lingüística.

Parelo a este formato de acto celebráranse outros coa sinatura da De-

claración de Vontades no que os participantes deixen constancia, de que, chegado o momento do seu falacemento, as súas exequias fúnebres se celebren en lingua galega ou do contrario en silencio.

Este ano a AFNLG, a través das redes sociais, lanzará unha campaña publicitaria "Deixa en herdanza a túa lingua." animando á cidadanía a incluír nos testamentos unha manda testamentaria con contidos culturais demandándolles aos seus herdeiros o amor pola lingua e a cultura galegas, dando así continuidade ás que se recollen publicadas nos volumes editados co título "En galego, agora e sempre" (<http://www.galeguizargalicia.com>).

Coa colaboración dos concellos e das entidades socioculturais parroquiais, poderemos restaurar unha anomalía cultural para que a lingua da memoria sexa a auténtica e non a imposta por uns costumes que nos desnaturaliza ante a historia.



Os empresarios do Noroeste piden "unidade" a políticos fronte ao illamento



Participantes na cume da Plataforma Atlántico Noroeste en Xixón.

Unión" e "unidade" foron as palabras máis repetidas no Palacio de Congresos de Xixón. Reclamáronas, xuntos, os empresarios de Galicia, Asturias e Castela e León para superar o "illamento histórico" do Noroeste. As patronais empuzaron aos políticos e á sociedade civil a incorporarse a unha "fronte común" para que esta zona de España intégrese no Corredor Atlántico e así optar a axudas millonarias da Unión Europea (UE) e resolver o seu déficit histórico de infraestruturas. O desafío foi lanzado nunha xornada da Plataforma Atlántico Noroeste sobre "Retos e oportunidades do Corredor Atlántico e a súa conexión cos portos do noroeste español".

Asturias

O presidente da Federación

Asturiana de Empresarios (FADE), Belarmino Feito, resaltou o "illamento" que sofre Asturias por estrada e ferrocarril e a penalización que padece por vía aérea, con tarifas elevadas. "Asturias é a rexión á que máis lle custa chegar a Madrid", dixo. Feito manifestou as súas dúbidas sobre cando chegará o AVE a Asturias e o seu temor polo futuro do Musel por mor da descarbonización, pois é o primeiro porto granelero de España e dúas terceiras partes dese tráfico correspóndense con carbón.

Galicia

Jorge Cebreiros, presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra, falou "en representación de todos os de Galicia", cuxas demandas "coinciden" coas dos empresarios de Asturias e León. Expresou a súa

confianza en que a xornada sexa un "punto de inflexión", para superar unha "actuación non correcta" e "non comprensible", a da UE ao deixar ao Noroeste "á marxe do desenvolvemento ferroviario de mercadorías".

Cebreiros avogou tamén por superar o "illamento" e por conseguir "unha rede de infraestruturas en condicións", unha "necesidade estratéxica", que servirá para "dinamizar a economía", abrir "novas empresas" e crear "postos de traballo". Pidiu ás administracións que soliciten á UE axuda para infraestruturas "modernas e de calidade". Resaltou que aínda que se deu un primeiro paso para a incorporación do Noroeste ao Corredor Atlántico, aínda resta o "si" do Parlamento e a Co-

misión Europea, polo que demandou ao Ministerio de Fomento que siga perseguindo ese obxectivo: "Os empresarios estarán ao seu lado".

Castela-León

Javier Veiga, presidente da Cámara de Comercio de León, criticou á UE por esquecerse "do Noroeste" durante máis de 20 anos, a pesar de que é a "macrorrexión con mellores índices de tráfico de mercadorías" e "camiño de saída e chegada de América e África".

Veiga destacou a necesidade de lograr, "todos xuntos", que o Noroeste sexa eixo prioritario en Europa e resaltou que as condicións actuais da súa rede ferroviaria "non son as máis adecuadas". Pidiu ao Goberno central que inclúa nos Presupostos investimentos para o Noroeste e a Fomento o calen-

dario para a posta en servizo da Variante de Pajares: "é hora de fixar datas concretas".

Xixón

O presidente da Cámara de Comercio de Xixón, Félix Baragaño, avogou por un "proyecto común", "de todos", con "compromisos concretos e cuantificables" e un "plan de traballo" concretado en "investimentos, prazos e datas". Engadiu: "non caben Españas de dúas velocidades, a do Mediterráneo e a atlántica". Señalou que o obxectivo das patronais do Noroeste é "elevar a voz para poñer en valor unha parte fundamental de España", que suma "o 12 por cento da superficie nacional, o 10 por cento da poboación, máis do 9 por cento do PIB, o 20 por cento do tráfico de mercadorías por tren e case o 14 por cento por estrada", destacou.

O presidente da Plataforma Atlántico Noroeste e da Federación Leonesa de Empresarios, Javier Cepedano, resaltou a "importancia" da xornada de onte, pois comezou unha "nova etapa" na que, "máis unidos que nunca, tentaremos reverter a falta de investimento en infraestruturas". Reclamou a colaboración dos gobernos e dos cidadáns para corroborar a incorporación do Noroeste ao Corredor Atlántico.

Fronte á "confrontación" e a "controversia" que rodearon a proxectos como "a Variante de Pajares", Cepedano propuxo buscar o "consenso" e impulsar "plans e proxectos concretos, viables e realizables" para optar a axudas europeas.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

Entrevista

Por Moncho Mariño

Diego Ameixeiras, escritor

“Escribir en clave realista ás veces é entrar en lugares que non son moi cómodos”

Diego Ameixeiras (Lausana, 1976) é un dos referentes da novela negra en galego con traducións ao castelán e con guións no audiovisual (Matalobos ou Os Atlánticos). Agora publica “A crueldade de abril”, unha his-

toria sobre persoas que viven á marxe, fóra das “zonas de confort” que a maioría teñen construído arredor de si. Conversamos con el sobre este seu último traballo en novela e sobre este xénero dentro do panorama literario.

-O título deste traballo teu vén duns versos de T.S. Eliot, por que colliches estas palabras?

A protagonista é unha poeta, cunha sensibilidade especial que non sempre é comprendida polos seus coñecidos. Entón pareceume que a novela quería un título que fixese unha referencia a unha obra poética e que puidese guiar e meterme na cabeza desta muller. Ademais, un poema como o de Elio, un dos máis coñecidos do século XX, serviríame como punto de partida para meterme nunha historia que penso que está contada cun ton bastante poético. Neste libro, curiosamente, o primeiro que me saíu foi o título.

-Buscabas reflectir diferentes clases sociais e os seus valores cos personaxes da trama?

Creo que case todos os personaxes son persoas que levan unha derrota dentro e cun pé na marxinalidade, algúns absolutamente, que directamente

viven á marxe da sociedade tal como a entendemos e outros que sen ser marxinais, están dominados por forzas moi poderosas como o diñeiro, a profesión e a dependencia sentimental. Creo que iso sobre todo, máis que de clase de diferente, están todos unidos por esa sensación de derrota.

-Dis que os personaxes, a maioría polo menos, viven na marxinalidade, pensas que na literatura actual se están reflectindo este tipo de persoas? Estase facendo xustiza con esta xente na nova narrativa?

Está o sen teito, que vive nunhas condicións absolutamente infrahumanas. O resto dos personaxes viven nunha situación que podemos ver máis ou menos, todos os días nun barrio de calquera cidade.

Na novela as historias están nun límite, nun punto, que permiten narrar unha historia con interese. Creo que ese tipo de personaxes non se lles dá voz porque non todos os au-

tores e autoras están dispostos a menterse nese tipo de ambientes, porque a fotografía que che sae cando describes algo así non é unha imaxe “bonita”. A novela pode ser moitas cousas pero non é unha novela esperanzada porque fala dunha realidade que temos diante dos ollos pero que moitas persoas non queren ver.

-Cres que a novela negra en todos os soportes posibles está vivindo un bo momento?

É certo que se puxo de moda desde hai certo tempo, pero considero que é unha estratexia das editoriais que identifica a novela negra cun tipo de “best-seller” asociado a un tipo de investigación, un tipo de intriga ou drama policía e iso creo que é o que se puxo de moda. A novela negra non ten por que ser exclusivamente policial. Moitas veces fala do crime ou do submundo do delicto, pero doutros temas parece que non fala moito, precisamente por iso, non é un



tipo de novela cómoda. Certo tipo de novela policial crea un problema, un desorde que se ordena ao final. Pero noutro tipo de novelas non hai mensaxes que tranquilice. Está de moda os thrillers ou outro tipo de novelas máis comerciais por así chamarlle.

-Logo de décadas, o mundo urbano en Galicia pode dar de si para o xénero negro? E quero dicir máis alá do narcotráfico, que case parece un tópico máis.

Sí, claro, hai material suficiente para que haxa unha novela negra recoñecible, polos temas que trata, polos perso-

naxes ou polos temas que estean aí presentes, como o mesmo narcotráfico, que tampouco é que haxa tantas novelas que se que metan aí. Actualmente a literatura galega prefere ir por outros lugares, posiblemente por aquilo de que escribir en clave realista a partir do que temos diante implica entrar en lugares que non son moi cómodos e non creo que haxa moita xente que queira facelo. Pero por exemplo, o tema dos narcos é algo que no futuro seguirá dando máis traballos e probablemente co tempo haberá xente que se acheguen con outras visións.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...
Promoción Especial
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall



cerramos los domingos

Montederramo prepara a XXV Festa da Carne

O Concello de Montederramo organiza a XXV edición da Festa da Carne que se celebrará o día 12 de outubro, venres, Día do Pilar. Haberá charangas e gaiteiros para animar a xornada gastronómica e estarán abertos postos de venda de diversos produtos.

Nos últimos anos adoitan asistir á carpa uns mil comensais para degustar oitocentos quilos de carne de tenreira que se presenta en empanada, ó caldeiro e richada. Ademais do pan e da bica das panaderías Vilanova e Gaínza, no menú entra o viño Peza do Rei e licores, tamén da Ribeira Sacra.

Montederramo celebra dúas feiras ao mes, os días 12 e 28, e as festas máis suliñables son o 15 e 16 de agosto, Asunción e San Roque, respectivamente, e ésta gastronómica por excelencia.

Esta localidade ourensá está situada nun antiplano de 920 metros de altitude e rodeada de montañas elevadas: Monte Meda e Serra de San Mamede (1.618 metros de altitude). Eiquí nace o río Mao que atravesa o municipio e verte as súas augas ao Sil preto das saídas dos catamaráns e fronte aos viñedos de Doade, en Sober (Lugo).

En Montederramo paga a pena visitar a ponte romana de Vilariño Frío, o mosteiro de Santa María (século XII) e o cruceiro de Marrubio e a Capela de Santo Antón (Conxunto artístico datado en 1778). O bidueiral de Montederramo, pola estrada a Chandrexa de Queixa, é un dos bosques de maior extensión de Galicia con 250 hectáreas.

O termo municipal ten unha poboación de 1.100



habitantes dos que 200 viven na capitalidade. Na planta baixa da Casa Consistorial está ubicada a oficina de información de turismo (Teléfono 988 292000). O Concello, xunto con Parada de Sil, Castro Caldelas e A Teixeira, pertence á denominada Terra de Caldelas. En Montederramo 120 familias posúen 5.300 cabezas de gando bovino.



Servindo a carne de tenreira.

Panadería Gaínza

Vilariño Frío. Montederramo
988 292 098 606 352 326
696 627 333

Tapería Caseña | Viños | Bicas

988 29 20 39 / 89 – 639 51 54 06 | MONTEDERRAMO (Ourense)

A Xunta cofinancia seis espectáculos no Teatro Principal de Ourense

O Teatro Principal de Ourense presentou a súa nova carteleira cuadrimestral, que inclúe ata finais de decembro as representacións de seis espectáculos escénicos como parte da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), impulsada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

En concreto, serán as funcións das compañías galegas Arte'n'ría, que presentará o espectáculo do mesmo nome o 25 de novembro, e as que se desenvolverán no marco da programación infantil especial para o Nadal: Caramuxo Teatro, que estará o 27 de decembro coa obra Ela, unha homenaxe á pintora Maruxa Mallo; Eme2 Emoción &Arte, que porá en escena o 28 de decembro Contacteques; e Tanxarina Titeres,

que chegará o 29 de decembro con A galiña azul, a emblemática peza de Carlos Casares.

Ademais destas propostas galegas, de fóra da nosa Comunidade virán a través da RGTA a compañía Factoría Unahoramenos co espectáculo Tal vez soñar (25 de novembro) e Ron Lalá con Crimen y Telón (21 de decembro).

Así o especificou o director da Agadic, Jacobo Sutil, na presentación levada a cabo en Ourense xunto con Rosendo Luís Fernández, vicepresidente da Deputación, e Olga Mojón, directora do teatro. Sutil destacou que o Teatro Principal ourensán é un activo membro da RGTA desde a fundación deste circuíto hai máis de 20 anos. "A colaboración estreita que existe entre os responsables deste espazo e a Xunta de Galicia tradúcese nun intenso e

continuado funcionamento deste escenario, o que contribúe á finalidade común de acadar a máxima difusión das artes escénicas na nosa Comunidade", declarou.

Un circuíto

O director da Agadic lembrou as cifras de actividade da RGTA para o presente ano. O circuíto, do que forman parte 39 concellos galegos, iniciou xa no mes de agosto o seu segundo período de programación anual, para o que están previstas 255 citas culturais a cargo de 97 formacións artísticas (87 delas, galegas). Isto supón que, cando remate o ano, esta Rede terá promovido no noso territorio un total de 601 funcións (de teatro, danza, novo circo, maxia ou narración oral) cun orzamento global de 1,63 millóns de euros achegados entre a Xunta de Galicia e as entidades



Rosendo Fernández, Olga Mojón e Jacobo Sutil.

loais xestoras dos escenarios asociados.

Ademais das propostas das que o público ourensán poderá gozar a través da RGTA, a nova programación do Principal de Ourense complétase cun amplo calendario de espectáculos escénicos e musicais. Así, a primeira convocatoria foi o 20 de setembro cun recital a cargo da Kammer Philharmonie Koln e un programa integrado por Vivaldi, Mozart e Paganini. A este concerto seguíronlle as montaxes de compañías e intérpretes recoñecidos a nivel estatal, tales

como El funeral, con Concha Velasco e Antonio Resines (21 de setembro), Los Dedas con Black Apple (27 de setembro), Todas las noches de un día, con Carmelo Gómez e Ana Torrent (30 de setembro).

A peza dirixida por Daniel Veronese Todas las mujeres será o 6 de outubro; Iphigenia en Vallecás, por El Pavón Teatro Kamikaze, o día 21 de outubro; a produción do Teatro Español Un tercer lugar, o día 3 de novembro e a de Histrión Teatro La correspondencia persona, o día 2 de decembro.

A Xunta porá en marcha obradoiros duais de emprego en 77 concellos

Na provincia de Ourense este ano a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa un total de 18 obradoiros duais nos que se investirán preto de 5,2 millóns de euros e que beneficiarán a 355 persoas en situación de desemprego veciños dun total de 77 concellos.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, indicou que se trate dunha iniciativa, enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, que o Goberno galego leva a cabo en colaboración cos concellos e que, polo tanto, fomenta a cooperación institucional. Os Concellos Emprendedores tiveron prioridade nestas axudas destinadas a fomentar a empregabilidade e así, na provincia de

Ourense preto do 60% dos concellos beneficiarios son emprendedores.

Díaz Mouteira subliñou que nesta edición, a principal novidade é que os participantes poderán combinar un contrato de formación e aprendizaxe durante nove meses, cun contrato en prácticas, de como mínimo tres meses máis, nunha empresa emprazada no mesmo ámbito territorial e cunha actividade vinculada ás materias do obradoiro. O obxectivo é seguir mellorando o emprego nos concellos galegos, especialmente os do rural, adaptando a oferta formativa ás súas demandas e necesidades de contratación.

Obradoiros forestais

Outra das novidades desta

nova edición é que tiveron prioridade os obradoiros vinculados o eido forestal e ao Camiño de Santiago. En concreto, na provincia de Ourense desenvolveranse 3 iniciativas forestais, nas que se impartirán especialidades de aproveitamento, recolección, repoboación, conservación, silvicultura, construción e mantemento de infraestruturas para a prevención e extinción de incendios e de seguridade e medio ambiente relacionadas tamén coa vixilancia e extinción de incendios.

As outras especialidades ou competencias impartidas nos obradoiros son diversas e van desde albanelería, pasando por xardinería ou atención socio-comunitaria a persoas no do-



Marisol Díaz Mouteira informou da posta en marcha de 18 obradoiros.

micilio, e mesmo promoción turística local e información ao visitante.

A delegada territorial avanzou que o departamento autonómico dirixido por Francisco Conde apoia os 18 obradoiros promovidos polos concellos de Ourense, Monterrei, A Gudiña, Celanova, O Carballiño, Sarreaus, O Barco de Valdeorras, A Merca, Castro Caldelas, A Veiga, Padrenda, Porqueira, Viana do Bolo e Xinzo de Limia; e polas man-

comunidades de concellos da comarca de Ourense, Ribeiro, Terra de Celanova e Santa Águeda.

Xunto cos obradoiros duais de emprego, a Consellería de Economía, Emprego e Industria na provincia desenvolveranse 3 obradoiros de emprego para menores de 30 anos, a través do Sistema de Garantía Xuvenil, para seguir impulsando o emprego entre a mocidade nos que participarán 47 persoas desempregadas.

Ribeira Sacra e a provincia de Ourense, difundidas en 190 países na Vuelta a España

Deporte e turismo de natureza desde Ourense para 190 países. Así se resume o paso, un ano máis, da Vuelta a España pola provincia de Ourense, un evento deportivo dos máis importantes do mundo que co apoio da Deputación de Ourense fixo posible nesta 73ª edición da proba ciclista que en terras ourensás se disputase o pasado día 5 de setembro a etapa máis longa —208 quilómetros—, con saída desde Mombuey (Zamora) e chegada a Luíntra-Ribeira Sacra logo de percorrer os concellos ourensás da Mezquita, A Gudiña, O Bolo, Viana do Bolo, Larouco, Pobra de Trives, San Xoán de Río, Castro Caldelas, A Teixeira, Parada de Sil e Nogueira de Ramuín.

"Novamente, á provincia de Ourense situouse como protagonista dun dos eventos deportivos máis importantes do mundo, e como referente do ecosistema turismo-deporte de alto nivel, ofrecendo ao mundo unha postal in mellorable dunha parte importante do noso territorio, a Ribeira Sacra, e coa épica deportiva de ser unha etapa durísima e moi esixente", afirma Manuel Baltar.

O presidente da Deputación destaca que a alianza de Ourense coa Vuelta "é un éxito seguro, pola resposta do público e pola calidade deportiva dunha etapa como esta, facendo da Ribeira Sacra un escaparate mundial e ofrecendo unha promoción espectacular da nosa provincia", e aposta por "seguir unindo Ourense cun produto líder mundial no ámbito do ciclismo, como a Vuelta, un ecosistema de turismo, deporte e termalismo ao que hai que engadir o éxito do centro de adestramento de piragüismo en Laias ou a copa internacional de piragüismo que organizaremos o vindeiro ano; a

Estación de esquí de Cabeza de Manzaneda e o seu proxecto e innivación; a aposta polo mundo do motor, co Rally de Ourense e patrocinio do equipo Suzuki no ámbito nacional, e tamén as rutas BTT e andainas, entre outros exemplos".

2016 e 2017

O logro conseguido nesta edición únese aos éxitos promocionais e económicos acadados nas roldas de 2016 e 2017, anos nos que a Vuelta, por primeira vez en todas as súas edicións, foi presentada, saíu e acolleu catro das 21 etapas na provincia de Ourense; e tamén en 2017, cando a caravana publicitaria da Volta incluíu un vehículo coa imaxe promocional de "Ourense, a provincia termal", material de merchandising, e presenza no "Parque Vuelta", un espazo temático de ocio, espectáculos e gastronomía que foi visitado por máis de 100.000 persoas.

Manuel Baltar agradece o compromiso de todas as persoas que fan posible "que Ourense sexa un ano máis un referente na Vuelta a España, entre as que cabe salientar especialmente a figura de Javier Guillén, director xeral de "La Vuelta", e subliña a importancia "do impacto promocional que supón un evento destas características, cunha cobertura informativa que abrangue 190 países, con 1.200 xornalistas e fotógrafos acreditados, unha caravana de 2.500 persoas que xeran en cada etapa un gasto diario de 250.000 euros, e un seguimento a través de Internet de 12 millóns de persoas".

Baltar entregou en Luíntra o premio ao gañador da etapa, o ciclista italiano Alessandro de Marchi (BMC), e recibiu de mans do exciclista Óscar Pereiro o premio Ecovidrio, patrocinador sostible de La Vuelta, un galardón que recoñece o labor que desenvolve a Deputación



La Vuelta ao seu paso por Castro Caldelas. (Foto: Manolita Losada).

de Ourense no ámbito dos proxectos de protección medioambiental e de xestión de residuos.

Manuel Baltar considera que esa é a fortaleza da "marca Ourense": poñer en valor a nosa riqueza natural defendendo un turismo sostible de alta calidade e cunha oferta in mellorable e singular no ámbito do termalismo, o turismo cultural e patrimonial e tamén no gastronómico".

Paralelamente á disputa da etapa, instalouse na contorna do Campus de Ourense o denominado "Parque Vuelta", un espazo temático de ocio para achegar este evento deportivo a toda a familia, e a caravana publicitaria desta

edición incluíu novamente un vehículo coa imaxe promocional da provincia de Ourense, que está a percorrer 400 municipios de España durante os días en que se celebrou a proba ciclista.

A Vuelta, que este ano cumpriu a súa 73ª edición, saíu de Málaga o pasado 25 de agosto e rematou en Madrid o 16 de setembro. Consta de 21 etapas —unha pola provincia de Ourense— pasando ademais por outras zonas de Galicia, Andalucía, Castela A Mancha, Castela León, Asturias, Cantabria, País Vascos, Cataluña, Andorra e Madrid. O pelotón ciclista estivo integrado por un total de 176 corredores.

Galicia

Redacción LUGO

Máis de 1.200 persoas participaron nas actividades fluviais de verán

O deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, informou que máis de 1.200 persoas participaron ao longo do verán nas actividades lúdicas, deportivas-fluviais, gratuítas, e abertas para todos os públicos, que o goberno provincial levou entre os meses de xullo a setembro a Concellos de menos de 5.000 habitantes. Foron concretamente nos espazos naturais dos Concellos de Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Ribas de Sil, Láncara, Trabada e A Pontenova.

Rivera Capón remarcou que “esta iniciativa é unha alternativa ao turismo de praia, e ao mesmo tempo contribúe a descubrir as posibilidades de lecer dos nosos ríos. As oito xornadas que se celebraron, noutros tantos concellos, incluíron tobogáns, balancíns, pulpos, rocódromos acuáticos, pistas de obstáculos, kaiaks,



Actividades fluviais de xuño a setembro 2018.

waterballs... animacións musicais e xogos populares. Todo baixo a supervisión dun coordinador, que conta con entre 6 e 12 monitores para a seguridade”.

Con esta iniciativa o Goberno da Deputación contribúe a poñer en valor os recursos naturais e paisaxísticos da Provincia, xa que as actividades desenvólvense en enclaves únicos, como o Chao do Pousadoiro, a Praia Fluvial Pena do Inferno, a de San

Clodio, a Pobra de Navia, a da Pobra de San Xiao, a Ria de Abres ou a Pozo da Ola.

As actividades gratuítas da Deputación tiveron unha participación de máis de 1.200 persoas. Foron as seguintes; Ribeira de Piquín, 121 persoas; A Fonsagrada, 98 persoas; Navia de Suarna, 198 persoas; Negueira de Muñiz, 77 persoas; Ribas de Sil, 202 persoas; Láncara, 153 persoas; Trabada, 149 persoas e a Pontenova con 207 persoas.

Máis de dez mil persoas asistiron ao Lugo Open 2018

Entregáronse os trofeos aos participantes do Lugo Open 2018, a décima proba do circuíto World Pádel Tour, que acolleu a capital luguesa, co apoio da Deputación e do Concello de Lugo.

O Pazo Provincial dos Deportes encheuse de público para presenciar as finais feminina e masculina, que reuniron ás mellores parexas desta disciplina deportiva. En total, durante os días de competición máis de dez mil persoas pasaron polas instalacións luguesas para desfrutar do espectáculo. A pro-



As autoridades entregaron os premios.

pia organización cifrou en un millón de euros o retorno económico do evento para a provincia de Lugo.

Ribeira Sacra-Courel recibiu 40 solicitudes de axuda do Leader



Representantes dos concellos beneficiados.

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) número 6 Ribeira Sacra-Courel recibiu un total de 40 solicitudes de subvención para outras tantas iniciativas dentro da convocatoria de 2018-2019 do Leader. Estes proxectos suporán un investimento total de 1.766.357 euros e con eles crearanse 12 novos postos de traballo e contribuirase ao mantemento de 134. Para ese período, o GDR dispón dun orzamento total de 948.968 euros. No conxunto de Galicia, os 24 grupos de desenvolvemento rural dispoñen dun total de 17,5 millóns de euros na devandita convocatoria.

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, destacou estes datos durante a súa visita a diferentes proxectos apoiados GDR 6, que recibiron axuda por un importe total que supera os 192.000 euros. Trátase dun miradoiro no concello de Ribas de Sil, un centro de día en Monforte de Lemos, mellores nunha carpintería en Bóveda e a apertura dunha tenda de produtos locais en Samos.

A titular de Medio Rural

destacou a importancia da medida Leader para a dinamización tanto económica como social e mesmo cultural do agro galego e puxo en valor o seu enfoque “de abaixo arriba”, de forma que garante a participación activa dos axentes locais na definición, valoración e selección das iniciativas que reciben apoio.

Trece municipios

O ámbito de actuación do GDR Ribeira Sacra-Courel abrangue 13 municipios pertencentes a catro comarcas da provincia luguesa. Pola de Lemos, son os concellos de Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao e Sober; pola de Quiroga, Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil; pola de Sarria, O Incio, Samos e Triacastela e pola comarca de Ancares, As Nogais.

Foi constituído como asociación na primavera de 2016 e en decembro dese mesmo ano foi seleccionado como entidade colaboradora na xestión do programa Leader 2014-2020. Trátase dun dos grupos de desenvolvemento rural máis extensos de Galicia, cunha superficie de 1.963 quilómetros cadrados.

A Xunta destina máis de 31 millóns de euros á mellora de estradas autonómicas en Lugo

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda destinou un orzamento de máis de 31 millóns de euros a actuacións de mellora e conservación de estradas autonómicas na provincia de Lugo entre o ano 2017 e o presente 2018. O delegado territorial de Lugo, José Manuel Balseiro, compareceu para facer balance das actuacións que está levar a cabo a Administración galega co obxecto de manter a rede viaria en óptimas condicións, ademais de informar sobre proxectos nos que está traballando o departamento autonómico de Infraestruturas.

Balseiro destacou, por unha banda, que neste período a Xunta acometeu 48 proxectos de mellora e conservación de estradas que supuxeron un investimento de case 15 millóns de euros. Algúns deles xa están executados e outros atópanse actualmente en execución ou na fase de redacción do documento técnico da obra. Por outro lado, explicou que a esta achega hai que engadir as actuacións de mantemento que se realizan a través do contrato de vialidade invernol das Zonas Norte e Sur da provincia de Lugo, que suman un orzamento de 16,2 millóns de euros nas dúas anualidades.

Plan

No marco do plan de mellora de estradas, a Administración galega impulsou durante o ano 2017 unha vintena de grandes proxectos na provincia de Lugo, que mobilizaron un investimento de 6,3 millóns de euros. As maior parte dos recursos foron destinados aos proxectos de reforzo de firmes.

Entre eles, destacan pola súa contía as obras de mellora que executou a Xunta na estrada LU-621 entre A Pobra de San Xiao (Láncara) e Baralla (1,2 millóns de euros). Un investimento similar a este último supuxo a actuación na LU-124, tramo Lindín (A-8)– Cruz da Canela, que beneficia aos concellos de Mondoñedo, Riotorto, A Pontenova e A Pastoriza. Dada a súa envergadura, esta obra segue en execución na actualidade. Pola súa banda, as obras da LU-612 entre Lousada e Ferreira (Portomarín), foron obxecto dun investimento de preto dun millón de euros o ano pa-

sado.

Durante o presente ano 2018, a Xunta promove 28 grandes proxectos de mellora de estradas lucenses, cun orzamento de 8,5 millóns de euros. A maior parte do investimento vai dirixido a actuacións de rehabilitación de firmes de vías (5 millóns).

Entre as obras financiadas con cargo a este orzamento, destacan pola súa contía as da estrada LU-133 Remel-Vilamar, entre Barreiros e Ribadeo (1 millón de euros); a rehabilitación da LU-642 entre Oural e Ferrería do Incio (máis de 600.000 euros) e a construción de dúas rotondas en Monforte de Lemos, na LU-664 (máis de 300.000 euros).

Balseiro sinalou que actualmente están en fase de licitación tres actuacións. Unha delas é a da LU-124 entre Riotorto e Vilameá (A Pontenova), cuxa execución completará a renovación integral da estrada que une A Pastoriza, Mondoñedo, Riotorto e A Pontenova e que ten un orzamento de 604.000 euros.

A segunda actuación en fase de contratación é a primeira fase da obra na estrada da Gañidoira (LU-540), cun investimento de 457.000 euros e que beneficiará aos concellos de Viveiro, Oural, Muras e Xermade. Por último, o delegado

referiuse ás melloras na autovía Ferrol-Vilalba (AG-64), para a que se destinan 337.000 euros e que están tamén en proceso de licitación.

Futuras actuacións

Adicionalmente aos investimentos anteriores, e como previsións de futuro o delegado territorial destacou algúns dos proxectos de maior envergadura que ten en marcha a Consellería de Infraestruturas e Vivenda na provincia de Lugo. Balseiro subliñou que a Xunta ten previsto acometer o desdoblamento do corredor Lugo-Sarria, que suporá converter en autovía un tramo de 11,5 quilómetros entre A Pobra de San Xiao (Láncara), O Páramo e Sarria. O orzamento estimado para esta obra é de 23 millóns de euros.

Balseiro explicou tamén que a Consellería mellorará 19 quilómetros da LU-631 entre Friol e Palas de Rei, cun orzamento estimado de 6 millóns de euros; e ten actualmente en período de licitación a reforma da LU-651 entre Folgoso e Seoane en cuxa primeira fase está previsto investir 2 millóns de euros. O delegado dixo que hai reservados 4,5 millóns para



O delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, informou das obras.

a conexión do porto seco de Monforte de Lemos coa estrada N-120.

Mantemento e vialidade

A estes recursos hai que engadir o investimento anual no plan de mantemento e vialidade invernol. O dispositivo posto en marcha o ano pasado estivo operativo dende o 1 de novembro ata o 30 de abril e mobilizou a 118 profesionais e 1.740 toneladas de reservas e fundentes (sal e salmoira).

Dentro das actuacións promovidas pola Consellería na provincia destaca así mesmo o plan de sendas, que permitirá crear seis novos itinerarios peonís e ciclistas en Lugo: LU-633 Camiño Francés en Portomarín (1Km), LU-612 Antiga estrada a Santiago Toiriz (Lugo 1,9 km), LU-107-127-111 en Rábade, Begonte (2,5 Km), LU-115 en Outeiro (1,3 km), LU-231 en Friol (0,6Km) e LU-621 en Láncara (0,5Km).

A Deputación mellora dez quilómetros de dúas estradas no Saviñao

O voceiro da Deputación, Álvaro Santos Ramos, supervisou o inicio das obras que a Deputación financia no Saviñao para o arranxo de dez quilómetros de dúas estradas provinciais. En concreto, trátase da LU-P-5804, que vai de Rebondiego a Morgade por Aiaz, e a LU-P-5801, que conecta Fión coa Igrexa da Cova.

Santos Ramos sinalou que “imos investir entre as dúas obras un total de 266.200 euros, que permitirán arranxar sete quilómetros da estrada 5804 e outros 2,9 quilómetros da 5801” e destacou a importancia desta actuación para mellorar as comunicacións dos veciños e veciñas do Saviñao: “ambas as dúas vías rexistran un elevado tráfico tanto de veciños como de turistas, polo

que son moitas as persoas que se verán beneficiadas”.

A estrada LU-P-5804 é un camiño moi transitado, xa que conecta con Escairón e por ela circulan a diario os traballadores das numerosas explotacións agrarias que se concentran na zona. As obras contan cun investimento de 220.000 euros, que permitirán acondicionar o tramo que vai do punto quilométrico 3,9 ao 10,9.

Pola súa parte, a LU-P-5801 dá servizo a unha zona turística, na que se atopan a praia fluvial da Cova e viñedos da Ribeira Sacra. Neste caso, arranxaranse preto de 3 quilómetros, comprendidos entre o punto quilométrico 0 e o 2,9, cun investimento de 46.000 euros. En ambos casos, as obras con-

sisten na mellora do firme con aglomerado quente, o acondicionamento das cunetas, o pintado integral e a instalación de sinalización horizontal e vertical.

Por outra banda, a Deputación mellorará con 350.000 euros a estrada LU-P-4102, que vai de Ferreira a Currelos. Son uns traballos que repercutirán, de xeito directo, no día a día dos veciños, pois esta é a estrada que vertebra o norte e o sur do Concello, e conta con moito tránsito pois dá acceso a todos os servizos que hai no municipio. Con este investimento, renovarase preto de oito quilómetros, comprendidos entre os puntos 14 e 22, é dicir, a Deputación terminará o arranxo integral da vía.

A Semana de Cine de Autor cumpliu a 40ª edición



Acto de inauguración da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, acudiu ao Auditorio Gustavo Freire da Cidade das Murallas para participar na inauguración da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo, que chegou este ano á súa 40ª edición. Previamente, asistiu no salón de actos da Deputación á presentación do libro “40 semanas de cine en Lugo”, co que se conmemora este aniversario. Valentín García agradeceu o traballo “serio e continuado do Grupo Fonmiñá”, organizador da Semana de Cine, que permitiu “chegar ata esta 40 edición”. Ademais, o secretario xeral quixo destacar a sección “Cine Galego” do festival cinematográfico lucense, “porque é fundamental para apoiar os creadores de cine na nosa lingua e dar a coñecer o seu traballo”.

Tanto na presentación do libro como na inauguración da Semana de Cine, Valentín García estivo acompañado polo o xefe territorial da Consellería de Vicepresidencia, Ramón Carballo, nun acto no que tamén participaron a alcaldesa, Lara Méndez; a deputada provincial de Cultura, Pilar García Porto; a vicerreitora de coordinación do Campus de Lugo, Montserrat Valcárcel Armesto; o director da Semana de Cine, Manuel Curiel Fernández, e o presidente do Grupo Cinematográfico Fonmiñá, Xulio Xiz Ramil.

Durante a inauguración oficial do festival foron galardoados Manuel Curiel, director das 40 Semanas de Cine ata agora celebradas;

Lucía Yáñez, autora do cartel da Semana; Tareixa Campo, directora do grupo teatral Achádego, e Edgar Fernández Cloos, fillo de Guillermo Fernández Otero, o delegado de Cultura que propiciou no seu día o nacemento da Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo. Todos eles recibiron de mans das autoridades presentes estatuíñas deseñadas por Forges para a Semana de Cine.

Catro décadas de cine

O Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá organiza un ano máis, e xa son 40, a Semana de Cine de Autor de Lugo, que ata o 21 de setembro proxectou máis de 165 cintas de países de todo o mundo organizadas en 13 ciclos: Sección oficial, Ciclo infantil, O mellor do ano, E para comer... Lugo, Arte e cine, Ciclo Cáceres, Grandes historias, Sección especial, Encontros de cine, Cine nostálgico, Curtas de cine e Cine galego. A Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo botou a andar en 1979 e, desde a creación da Xunta de Galicia en 1981, contou coa súa colaboración.

Nesta 40 Semana, rendeuselle homenaxe a Rosario Dúrcal, actriz nada en Lugo e que triunfou en México, cuxa biografía se presentará no marco da Semana de Cine. Tamén foi presentado o volume “40 semanas de cine en Lugo”, unha obra a cargo de Xulio Xiz e Manuel Curiel que repasa a historia de cada unha das edicións deste encontro cinematográfico, que conta un ano máis coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

Chantada renovará infraestruturas deportivas



O pavillón é a única instalación deportiva cuberta de titularidade municipal.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, supervisou o inicio das obras de renovación do céspede artificial do campo municipal de Sangoñedo, unha vella demanda dos equipos de fútbol de Chantada, que reclamaban o acondicionamento do campo, á que dará resposta o executivo provincial. Fíxoo acompañado polo alcalde do Concello, Manuel Lorenzo Varela.

Campos Conde sinalou que “destinamos á renovación deste campo de fútbol 266.000 euros, co que se beneficiarán centos de veciños, pois o campo de Sangoñedo é usado polos dous equipos de fútbol que xogan na Primeira Autonómica, o Sociedade Deportiva Chantada e o Atlético Chantada, e tamén polos nenos e nenas das escolas deportivas municipais”.

O campo municipal de Sangoñedo é utilizado polos clubs da localidade tanto para adestrar como para os partidos de liga. Os xogadores reclamaban dende hai tempo a renovación do céspede, pois o deficiente estado do campo favorecía que se producisen lesións, polo que a Deputación acometerá o arranxo e reno-

vación do céspede, logo de que a Xunta decidise non colaborar con este proxecto.

Pavillón municipal

O presidente destacou que esta non é a única actuación prevista nas infraestruturas deportivas de Chantada e avanzou que pronto comezará as obras de acondicionamento do pavillón municipal, por un valor de 80.000 euros. Deste xeito, o goberno provincial contribuirá a apoiar o deporte chantadino cun investimento total duns 350.000 euros.

O pavillón é empregado polo CB Chantada, equipo de baloncesto que compite na Liga EBA, para os adestramentos e os partidos de competición.

A obra consistirá na renovación do parqué e na construción de rampas de acceso para as persoas con diversidade funcional. Tamén neste caso, a actuación do goberno provincial responde a unha petición veciñal. Con estes traballos non só se favorece a práctica deportiva neste espazo, senón que tamén se consegue mellorar a accesibilidade, eliminando barreiras arquitectónicas e facilitando a plena inclusión.

Concello e Deputación organizan 280 actos para o San Froilán 2018

Do 4 ao 12 de outubro, vestida de festa, Lugo volve adquirir un esplendor especial. Nestes días, as prazas, a xente, ... todo está tinguido coa luz e coas cores especiais de outono, cores que marcan que Lugo está de patrón, que chega o San Froilán; un pretexto para unhas festas nas que a cidade, sempre aberta, se volve máis aberta ca nunca.

O Concello deseñou unha programación de 280 actos, co obxecto de satisfacer a todos os públicos, que presentou o voceiro do Goberno da Deputación, Álvaro Santos Ramos, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e a concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Carmen Basadre; outros membros do Goberno de Lugo e distintos representantes e artistas que teñen oco no programa, que farán do San Froilán 2018, unha festa única.

Santos Ramos apuntou que a colaboración da Deputación vai na liña de seguir impulsando ao San Froilán como punto de encontro da provincia e de convivencia, onde teñan cabida todos os gustos e sensibilidades. Lembrou que, como é habitual, na praza traseira do Concello, estará o tradicional mercado ArteSanFroilán, un espazo no que turistas e visitantes poderán coñecer de primeira man o gran traballo dos artesáns lucenses.



Internacional

"Tradición, historia e cultura, conxugadas con modernidade e vangardismo", definen a esta cita, que nesta edición, e tras tres anos dedicando o día 11 de outubro a un dos Patrimonios Mundiais de Lugo, o Camiño Primitivo, se impulsa aínda máis, ofrecendo conferencias e andainas previas ao inicio dos festexos. Serán os días 29 e 30, os paseos con saída ás 10:30 horas dende a parada do bus urbano da rúa Anxo López Pérez e as charlas, ás 19:00 horas, no auditorio do Centro Cultural do Vello Cárcere. Xavier Gómez Vila e Adolfo de Abel Vilela serán os encargados das ponencias, baixo os títulos Os itinerarios xacobeos pola cidade de Lugo e A presenza do Camiño na cidade de Lugo.

Esta edición, as festas patronais de Lugo teñen un programa de ampla representación internacional, con artistas como Myles Sanko (inglés), Marky Ramone (americano) ou os grupos Fanfare Ciorcalia, de Rumanía, Pussy Riot, de Rusia -que actuarán por primeira vez no escenario con Ramone-, ou Nathy Peluso e Javiera Mena, de Latinoamérica. Ademais, este é un San Froilán con especial protagonismo para os artistas de Lugo: coa presenza de máis de 20 grupos locais.

Haberá ademais, como é habitual, o Día de Ferrol (6), Desfile de Gando, Festival de Cultura Tradicional, San Froilán Tece-deiro, feira de antigüidades, ofrenda a Rosalía, de man de Paloma Lugilde; o Domingo das Mozas (7), mostra do traxe

tradicional galego, concertos de bandas ou unha verbena como as de antes.

Rúas e prazas

O San Froilán é unha festa que acolle a rúa e as prazas. Esta cita, declarada de Interese Turístico Galego e Nacional, arrincará o día 4, ás 20:30 horas co pregón de Manuel Lombao. Despois Los Pelúdez, Los Gofiones, pasarrúas, concerto folk, noite sabinera...

O propio día de San Froilán: un espectáculo piromusical e videomapping, na Praza Maior, ás 23:30 horas. Zenet, Adrián Vigo, Lucía Pérez e Vizcaíno súmanse aos concertos que xa estaban anunciados, como por exemplo os de Rozalén, SonDeSeu, ou Herdeiros da Crus.

O San Froilán integrador

O programa do San Froilán,

cada vez máis completo e integrador, para que todos teñan a oportunidade de vivir a festa; tamén contempla este ano programación para os miúdos e miúdas, en concreto medio cento de actividades no patio do edificio administrativo do Concello; para os máis deportistas: unha vintena de citas de diversas modalidades e para os maiores, como vén sendo habitual unha verbena de tarde, o luns 8. No relacionado coa tradición, o San Froilán ten 5 días dedicados á cultura no Camiño, no Cantiño Nemesio Cobreros, con cada día dedicado a diversos oficios tradicionais; así como o Arte San Froilán (impulsado pola Deputación), ou a presentación dun número máis da colección dos Devanceiros: As festas Finiseculares, de Adolfo de Abel Vilela.

Buses e aparcadoiros

Os días 4, 6 e 11 de outubro, as liñas 3A, 4, 6 e 7A prolongarán o seu servizo ata as 03:00 horas, e os días 5, 7 e 12, as liñas 3AE, 4E, 5E, 6E, ata as 02:00 horas. O Concello habilitará 4 zonas de estacionamento disuasorias, dúas en Campos Novos, As Termas e rúa das Artes. Do mesmo xeito, haberá un servizo especial de bus que conectará estas zonas co recinto feiral. Alsa ofrecerá descontos dun 25% para as persoas que se acheguen a Lugo entre o 1 e o 15 de outubro.

Seguros Servizos Ourense ☎ 678 578 161 988 044 834 www.servizosourense.es	CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48 www.inmobiliariajba.com jba.couto@ymail.com	Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense
--	---	--	---

Humor


III World Humor Awards

Por Francisco Puñal Suárez

Por terceira vez, e nesta ocasión co tema central da “Indiferenza”, para o debuxo humorístico, a Asociación Cultural Lepidus, da cidade italiana de Salsomaggiore, na provincia de Parma, e coa colaboración de Fitel, organizou o World Humor Awards, nun concurso para caricaturistas, cuxa participación está reservada por invitación para un número seleccionado de artistas profesionais italianos e estranxeiros.

O evento, que recibiu 300 viñetas de 170 autores de 50 países, outorgou no tema da Indiferenza os seguintes premios: 1º Osama Eid Hajjaj, de Jordania; 2º Gianni Chiostrì, de Italia; e o 3º a Alexander Yakovlev, de Rusia.

Ao debuxante, deseñador gráfico, ilustrador e profesor, Omar Pérez (Vila María, Córdoba. Arxentina -1956), que vive en Galicia desde 1989, foille entregado o Premio á Excelencia, pola súa obra, entre outros autores.



1er Premio - Osama Eid Hajjaj (Jordania)



2do Premio - Gianni Chiostrì (Italia)



Trofeo de Excelencia- Farzane Vaziritabar (Iran)



3er Premio- Alexander Yakovlev (Rusia)



Trofeo de Excelencia- Omar Perez (Argentina)



Trofeo de Excelencia - Musa Gumus (Turquía)



Trofeo de Excelencia - Robert Rousso (Francia)

Humor

MARTIRENA



MARILENA NARDI

LUIS MAC-BEATH

CARICATURAS



Henry Fonda



Kirk Douglas. Espartaco



FUCO PRADO



O Concello concede licenza ao Ministerio de Cultura para rehabilitación do Museo Arqueolóxico

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, anunciou que o Concello concedeu en xunta de Goberno extraordinaria a licenza de obra ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o proxecto básico e de execución de rehabilitación arquitectónica do Museo Arqueolóxico. A obra está estimada en 11 millóns de euros, e que este ano xa conta con 400.000 euros nos orzamentos do Estado para a súa posta en marcha.

Jesús Vázquez confirma que con este paso dáse resposta ao compromiso adquirido polo grupo de Goberno para desbloquear unha obra que “es-

taba pendente dende o ano 2002”. Nesta liña explicou que nos últimos tres anos déronse pasos importantes como a modificación puntual do PERI en tempo récord para poder realizar o proxecto e que hoxe remata coa concesión de licenza e o seu traslado ao Ministerio de Cultura “para a súa inmediata licitación por parte do Estado”, dixo.

“Trátase dunha obra estimada en once millóns de euros para o desenvolvemento do edificio, á que hai que engadirle outros de 2,2 millóns de euros para o proxecto museístico, co cal estamos a falar dunha suma total de 13 millóns de euros”, explicou o rexedor.

Outros investimentos

Vázquez incidiu en que as inversións do Estado en materia cultural en Ourense superarán os 40 millóns de euros neste mandato, xa que ás obras do Arqueolóxico se suman as da Biblioteca Pública Municipal e a do Arquivo Provincial, ambas no complexo de San Francisco.

O rexedor explicou que despois da licitación aínda queda un período grande de obras, se ben mostrou o seu desexo de que “prácticamente despois de dúas décadas do seu peche este equipamento volva a abrirse ao público e que ao rematar no 2021 o edificio teña xa uso como Museo Arqueolóxico”.

Snalou que tanto dende o



Faciana do Museo Arqueolóxico de Ourense.

Concello como dende o Ministerio de Cultura existe a vontade de que paralelamente ás obras no edificio se desenvolva o

proxecto museístico, valorado en máis de 2,2 millóns de euros, co fin de axilizar a posta en marcha do museo.

Ribadavia celebrou o festival Arteficial

A 12ª edición do festival romería Arteficial trouxo consigo un novo récord de asistencia, con case 1.500 persoas que se achegaron ao centro histórico da vila de Ribadavia para desfrutar dun sábado cheo de música, solidariedade e diversión. O mercado das sementes e as actividades para crianzas tamén foron responsables da gran cantidade de público.

As actividades programadas, tanto os concertos coma os obradoiros para as crianzas tamén foron un éxito absoluto. Moitos nenos desfrutaron de dous xogos nos que, ademais de divertirse, nun aprenderon a crear froitas con fíos e pinturas, e outro no que aprenderon sobre espazo e arquitectura no interior da Igrexa da Madalena.

Outra actividade do programa que tivo unha moi boa acollida foi a colaboración de



Festival de poesía Kerouac.

Arteficial co festival de poesía Kerouac. Catro poetas subíronse aos balcóns das casas que dan á praza da Madalena para recitar os seus versos ao redor do público.

No tocante aos concertos, todos comezaron en hora e desfrutaron dun público entregado que viviu cada acorde e cada estrofa, acorde coa calidade dos músicos que conformaban o programa dos es-

cenarios da contorna da madalena (Guau, Labaq, Sara Fontán, Big Ok, Oh! Ayatollah, Pantis e Whales).

Tras un intenso día no centro histórico de Ribadavia, a festa moveuse cara a Igrexa da Oliveira, onde o público non parou de mover as cadeiras cos magníficos concertos de Chalo Correia e Estaban & Manuel, ademais da DJ set de Issac Pedrouzo.

Os Bosques Máxicos de Castro Caldelas



Vista aérea de Castro Caldelas rodeada de fragas.

O Concello de Castro Caldelas está a executar traballos para a sinalización da ruta de sendeirismo "Os Bosques Máxicos de Castro Caldelas". Estas obras supoñen unha inversión de 11.567 euros e están financiadas nun total de 8.675,70. A desegregación da axuda por fontes de financiamento é a seguinte: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) o 75% con un importe de 6.506,78 €; Ministerio de Agricultura o 7,5% con un importe

de 650,68 € e a Xunta de Galicia o 17,5% coa cuantía de 1.518,24 euros.

Con cargo a esta financiación, o Concello de Castro Caldelas está levar a cabo as seguintes obras: acondicionamento e mellora da accesibilidade e a sinalización da Ruta de Sendeirismo "Os Bosques Máxicos de Castro Caldelas"; colocación de paneis interpretativos e explicativos, sinalización dos distintos recursos turísticos e colocación de estacas nos cruces e puntos de desviación.

Apróbase o acordo de reestruturación parcelaria en Castro Caldelas

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a aprobación do acordo de concentración parcelaria da zona do Burgo-Vilamaior-Camba, no concello ourensán de Castro Caldelas. Este paso supón a determinación dos predios de reemplazo cos novos titulares, coa superficie resultante da reorganización e coa nova clasificación da terra. Neste caso, falamos da reorganización de 5.705 parcelas que pasan a ser 921 predios pertencentes a 455 propietarios.

Con este anuncio, a consellería pon en coñecemento dos veciños, que serán notificados individualmente, a apertura do prazo de 30 días hábiles de exposición pública do acordo, o cal poderán examinar no Concello de Castro Caldelas e ante



Esta reestruturación supón a reorganización de 5.705 parcelas pertencentes a 455 propietarios.

o que poden interpoñer recurso de alzada. Os documentos que se poden examinar refírense aos predios de substitución, onde constan as situacións xurídicas derivadas das parcelas de procedencia, as fichas de atribucións e os planos, entre outros.

Lévanse investido dende o

inicio da concentración 3,3 millóns de euros que se destinaron na súa meirande parte á execución da rede de camiños e a investimentos en servizos técnicos, como a elaboración do proxecto de reorganización, a concreción das bases provisionais e definitivas, e a redacción do acordó.

O obradoiro Caldelas III formou e deu traballo a 20 desempregados

A Consellería de Economía, Emprego e Industria entregou os diplomas aos 20 alumnas e alumnos que se formaron no obradoiro de emprego Caldelas III que promoven os concellos de Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Montederramo, San Xoán de Río e A Teixeira.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, participou no acto de clausura desta iniciativa de emprego na que a Xunta investiu 280.000 euros e que serviu para ofrecer aos participantes durante os últimos nove meses formación teórica e práctica nas especialidades de promoción turística local e información ao visitante e xardinería e res-



Neste taller, promovido polo concello de Castro Caldelas, participaron cinco concellos.

tauración da paisaxe.

O alumnado que se formou e traballou neste taller realizou labores de promoción turística e xardinería nos concellos participantes. Entre outras actuacións limparon, rozaron e sinalizaron os camiños para a

creación dunha ruta circular de sendeirismo duns 108 quilómetros que une os cinco municipios.

No acto, Díaz Mouteira puxo en valor estes programas mixtos de formación e emprego que, segundo apuntou, incre-

Adegas Vella recibiu dous premios "Distinguidos Gallaecia"



Jorge e Marisol, de Adegas Vella, na Praza do Ferro de Ourense.

Organizado por Gallaecia, Asociación de Catadoras de Galicia, nesta XX edición participaron 645 viños das Denominacións de Orixe de Galicia. Na precata, que tivo lugar na sede do consello regulador en Monforte de Lemos o pasado 27 de xuño, xa se auguraban uns bos resultados para as mostras presentadas que, sen dúbida, víronse superados á luz dos resultados obtidos. O luns día 3 de setembro tivo lugar a cata final, na que foron premiadas un total de 68 marcas das cales 11 pertencen á denominación de orixe Ribeira Sacra. De entre estas, os tintos mellor recoñecidos foron: Adegas Vella (Jorge Feijoo González). Algueira Serradelo (Adegas Al-

gueira). Cruceiro Rexio (Ramón Marcos Fernández). Leira Millara (Leira Millara). Marqués de Garoña (Viña Garoña). Regina Expresión (Regina Viarum). Regina Viarum (Regina Viarum).

Doutra banda, na categoría de viños brancos, Ribeira Sacra foi merecedora doutras distincións que demostran o crecente recoñecemento dos brancos elaborados ao amparo da denominación de orixe: Adegas Vella (Jorge Feijoo González). Viña Vella (Virxen dos Remedios).

Segundo o consello regulador é un "novo recoñecemento ao traballo ben feito por parte dos viticultores e adegaieiros, que sen dúbida anima a seguir traballando na mesma liña de excelencia".

mentan a inserción no mercado de traballo dos seus participantes. Os obradoiros forman parte do compromiso da Xunta coa formación, xa que, segundo a delegada territorial, esta é a chave que pode abrir as portas a un futuro de oportunidades laborais. Marisol Díaz Mouteira indicou que se trate

dunha iniciativa, enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, que o Goberno galego leva a cabo en colaboración cos concellos e que, polo tanto, fomenta a cooperación institucional. Asistiron ao acto os alcaldes de A Teixeira e Montederramo así como a alcaldesa de Castro Caldelas.

O Goberno anuncia o estudo informativo sobre a Estación Intermodal

O anuncio do Goberno Central da información pública do estudo informativo do proxecto da Estación Intermodal de Ourense é aclamado polo alcalde “como un novo paso fundamental e a demostración palpable de que os esforzo destes anos por reforzar a cooperación institucional entre as tres administracións ten pagado a pena para acadar o gran proxecto do século XXI”

O Boletín Oficial do Estado publicou o 29 de setembro o “anuncio de la Subdirección General de Planificación Ferroviaria por el que se somete a información pública el Estudio Informativo del Pro-



Neste espazo quedará ubicada a nova Estación de Autobuses.

yecto Nueva Estación Intermodal de Ourense”. Este anuncio prodúcese ao día seguinte de que o Consejo de Ministros dese luz verde á sinatura do convenio para a construción do aparcadoiro soterrado para máis de 300 prazas nesta zona do barrio

de A Ponte.

Jesús Vázquez ratifica que o proxecto da Estación Intermodal de Norman Foster é imparable “e cando falamos, facémolo facendo o que hai que facer e con pasos firmes onde teñen que estar: nos boletíns oficiais”.

Ourense en Común e Anova traballarán xuntas para arrebatarlle a Alcaldía ao PP

O voceiro e candidato á alcaldía de Ourense por Ourense en Común, Martiño X. Vázquez, mantivo unha xuntanza con Antón Sánchez, portavoz nacional de Anova e vicevoceiro de En Marea, para traballar conxuntamente coa mirada posta no horizonte das municipais 2019.

A reunión tamén participaron representantes de outras candidaturas municipalistas da provincia, como Ribeiro en Común e Alternativa Veciñal do Carballiño.

Ao remate, o candidato á Alcaldía por Ourense en Común, Martiño Xosé Vázquez agradecía como “fundamental” o apoio amosado por Anova, “traballamos nunha candidatura ampla e transversal. Un proxecto común onde partidos políticos, veciñas e activistas nos sintamos representados. A situación de parálise de



A reunión celebrouse na sede de Ourense en Común.

Ourense é grave e nos interpela a todas. No 2019 ninguén pode quedar na casa, temos que ser lexión para reverter as políticas que levan secando o concello e a provincia durante décadas. Ourense ten unha oportunidade de cambiar de ciclo como xa sucedeu no resto de Galicia e para iso todas somos necesarias”.

Pola súa parte, o portavoz nacional de Anova, Antón Sánchez, concluíu que “os es-

pazos de unidade popular son a mellor e única ferramenta para desafiar ao Partido Popular das institucións públicas que parasitan ou mal gobernan, como pode ser o caso de Ourense. A nosa asemblea acordou apoiar a todas as candidaturas municipalistas consolidadas e por isto estamos hoxe aquí, para ofrecer toda a nosa axuda e apoio a Ourense en Común de cara ás eleccións de 2019”.

Unha pontevedresa gaña o certame fotográfico Viña do Campo



A fotografía que conseguiu o primeiro premio.

Beatriz Cabanelas González, de Pontevedra, pola súa foto titulada “A Padroeira”, resultou gañadora do XXII Certame Fotográfico “Viña do Campo”, convocado por Adegas Docampo e polo que recibirá 2.100 euros e o correspondente diploma acreditativo. O segundo premio outorgouse a Cosme Muñoz Ortega, de Yecla-Murcia, pola foto “Yoduro de Prata”. Está dotado con 795,00 € e diploma. “Sen formación”, é o título da foto que obtivo o terceiro premio, sendo o seu autor Anxo Be-

nito Zapata, de Logroño e quen recibirá 350,00 € e diploma. Con estas fotos e aquelas que a xuízo do Xurado reúnen unha calidade, sendo ademais finalistas, montarase unha exposición.

Na XXII edición participaron preto de dous centos de fotografías procedentes de Galicia, País Vasco, Cantabria, Navarra, Cataluña, Andalucía, Castela a Mancha, Madrid, Asturias, A Rioxa, Murcia, Canarias, Murcia, Aragón, Valencia, Extremadura, Castela León, Portugal e Hispanoamérica.

Asesoramento a persoal de hostalería impartido pola ONCE

A técnica en Rehabilitación da ONCE, Julia Fernández-Neto Pons, impartiu unha sesión de asesoramento destinada a persoal do restaurante AGAPE do Liceo. O obxecto desta sesión foi explicar a estes profesionais da hostalería que atenden sala, as técnicas instrumentais básicas para ofrecer un servizo de calidade a clientes cegos ou con discapacidade visual grave.

Informóuselles dos movementos desde o mesmo momento en que chega o cliente invidente ao restaurante ata que o abandona, coa atención personalizada no servizo empratado, desde a forma de colocarllo na mesa ata a descrición e disposición dos alimentos que contén, tendo en conta as pautas da ONCE e ás que están adecuadas estas persoas con discapacidade visual.

En Marea denuncia no Parlamento a perda de calidade educativa do centro Monteledo

A deputada de En Marea, Paula Vázquez Verao, denunciou no Parlamento de Galicia a situación na que se encontra o centro Monteledo, en Ourense. Este centro, de iniciativa pública e xestión privada desde 2016 e que dese momento "viu deteriorada a súa calidade educativa e, consecuentemente, da súa capacidade de buscar a reintegración social das persoas menores".

Vázquez Verao sinalou que desde a Fundación Diagrama asumiu a xestión "trabállase

en cadro, cun nivel de educadores por quenda igual ou, mesmo, inferior aos servizos mínimos establecidos pola Administración en caso de folga (8 por quenda son os servizos mínimos establecidos, e ten habido días de 7 ou 8, cando debe haber 10 por quenda), non se cubren as vacacións en ningunha categoría profesional, aumentaron os tempos da quenda de noite, reduciron os tempos de descanso entre quendas de fin de semana, hai tamén desorganización na comunicación

cos xulgados".

A deputada de En Marea sinalou os incumprimentos que esta fundación realizaba nas súas obrigas, de maneira que Verao considera que a Xunta está permitindo que o centro non atenda correctamente os seus cometidos e que a atención en xeral estea deteriorada.

Vázquez Verao explicou no Parlamento de Galicia que esta situación "seméllanos unha fraude: unha Fundación que recibe polo convenio de suscrito coa Consellería catro millóns



Instalacións do Centro de Menores Monteledo, de Ourense.

de euros para a xestión deste centro e que acadou a adxudicación por, entre outras cousas, indicar que contaría con 2 educadores máis que os 32 esixidos na convocatoria, na realidade, ao non substituír vacacións, hai case 6 educadores menos

dos que hai obriga de contar en plantilla. As case 10.000 horas do persoal educador que non se substitúen son case 6 persoas. O mesmo sistema de recorte que aplican nas residencias de maiores; as mesmas consecuencias".

O Anuario da Gaita é o monográfico científico máis antigo sobre a cornamusa

A Deputación de Ourense editou a 32ª edición do "Anuario da Gaita", unha publicación dedicada ao estudo e á investigación do instrumento senlleiro de Galicia, a cornamusa. É "a única publicación nas súas características en Galicia e o monográfico científico máis antigo no ámbito da gaita", salientou o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, durante a presentación do Anuario. Asistiron ao acto o deputado provincial de Cultura, Manuel Doval e o director da Escola Provincial de Gaitas da Deputación, Xosé Lois Foxo.

Esta publicación, unha das moitas iniciativas que desenvolve a Escola Provincial de Gaitas a prol da nosa cultura e tradición, achega ao lector investigación, historia, cultura e etnografía sobre o mundo da gaita, explicou Rosendo Fernández, quen lembrou que se trata dunha publicación "pioneira dentro do seu xénero, sendo un traballo que aposta pola defensa do noso



Manuel Doval, Rosendo Fernández e Xosé Lois Foxo.

e pola identidade propia". Mentres que, Manuel Doval felicitou a Escola Provincial de Gaitas da Deputación por "continuar a traballar na identidade da nosa provincia".

O "Anuario da Gaita" é "o sentir das nosas xentes e da nosa cultura e representa o noso facer de cada día", explicou o director da Escola Provincial de Gaitas da Deputación, quen lembrou que "este traballo recoñecido internacionalmente, quedará para a historia". Así mesmo, Xosé Lois Foxo lembrou que no preámbulo desta publicación, o presidente da Depu-

tación de Ourense, Manuel Baltar, "adiantou que sería acertado chamar á Escola Provincial de Gaitas, "Escola Internacional de Gaitas da Deputación", dado que cada día son máis os alumnos de todo o mundo quen a escollan para descubrir os segredos da cornamusa". Neste mesmo senso, explicou que "hai xente vinculada á Escola de máis de 20 países e que esa internacionalidade tamén vén de traballos científicos como o "Anuario da Gaita", como da man da Real Banda de Gaitas, que leva a nosa música a todos os continentes".

Chandrexa de Queixa rehabilitará a antiga escola de Rabal



Fernández-Tapias, Díaz Mouteira e Francisco Rodríguez, alcalde.

A directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias acompañada da delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou unha das actuacións levadas a cabo no Concello de Chandrexa de Queixa ao abeiro das axudas da Vicepresidencia. Fernández-Tapias indicou que grazas á Orde de Infraestruturas rehabilitouse a antiga escola da parroquia de Rabal para velorio, tal e como solicitou o Concello, dando así un servizo fundamental e básico aos pequenos

núcleos rurais. A rehabilitación da antiga escola contou cunha axuda de preto de 40.000 euros.

A través destas axudas, a Xunta apoia aos concellos galegos para financiar estruturas de uso público, como instalacións deportivas, prazas, paseos, parques infantís ou dependencias municipais onde se prestan servizos administrativos, entre outras actuacións. Tamén se poden subvencionar actuacións de mellora do alumeado público e pavimentación de vías municipais.

Feijóo aconsella ao alcalde que acate unha sentenza

Alberto Núñez Feijóo aconsella ao alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, acatar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o concurso e o consecuente nomeamento de Francisco Javier Rodríguez-Novoa como xefe de Persoal deste Concello en xullo de 2016. O presidente da Xunta e do PP de Galicia afirmou que "esa praza, de acordo co TSXG, está mal convocada e hai que volver convocala".

Que fai uns días catalogou como "o mellor alcalde das sete cidades de Galicia", agora aconsella acatar a sentenza e proceder en consecuencia. Logo non ha de ser recorrida, senón abrir o proceso á súa nova cobertura. Núñez Feijóo indicou que "o TSXG di que a convocatoria da praza estaba mal convocada, que é incorrecta e anúlala". E chegou a afirmar que aqueles que recorreron a convocatoria "están no seu dereito".

A pesar de que o candidato do PP para revalidar a Alcaldía de Ourense nas próximas Municipais enreda coa posibilidade de recorrer o fallo, o que fai apelando a que han de ser os servizos xurídicos do Concello os que lle digan respecto diso; Alberto Núñez expresouse respectuoso coa decisión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non deixando outra saída a Jesús Vázquez: "hai que volver convocala", sinalou total rotundidade.

A oposición

Os grupos municipais do PSOE e Ourense en Común pediron, conxuntamente, que o alcalde de Ourense asuma a sentenza do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia anulando a ocupación dun posto de traballo debido a que considera ilegítimamente gañado polo aspirante; a dimisión de Flora Moure á fronte da Concellería de Persoal e Recursos Humanos do Concello; e o cesamento do propio Rodríguez-Novoa no posto de xefe de Persoal do Concello da cidade.

Unha vez máis, Jesús Vázquez se enroca nos Servizos Xurídicos do Concello: o rexedor sostén que cabe



Jesús Vázquez, alcalde de Ourense.

recurso de casación contra a sentenza do alto tribunal galego que confirma a do Contencioso Administrativo 2 de Ourense e, por iso, que haberá que esperar ao que aconsellen facer os xuristas.

PSOE e Ourense en Común indicalle que só pretende gañar tempo, evitando a firmeza da sentenza máis aló das Municipais de 2019.

Jesús Vázquez amparouse na "independencia" do Tribunal que xulgou o acceso ao posto de Francisco Javier Rodríguez Novoa; que no mesmo non estaba ningún político; en que, por iso, "non existe ningunha responsabilidade política" no asunto —nin sequera da oposición, ningún político, dixo—; e en que as bases do concurso chegaronlle heredades ao actual Goberno municipal.

Pero o PSOE rebátelle argumentando que, se é así, non ten por qué haber ningún problema en que o Concello asuma a sentenza. E que, pola contra, "deriva responsabilidades" cara aos demais.

Ourense en Común vai máis aló: Martiño Xosé Vázquez advertiu ao candidato do PP para revalidar a Alcaldía de Ourense, de que "chegaremos ata onde teñamos que chegar", dixo, sen descartar a vía penal de persistir Vázquez en Abad en soste á fronte de Persoal do Concello de Ourense a quen aduciu, entre os seus méritos profesionais, unha licenciatura en Farmacia.

O BNG reactiva a demanda do transporte metropolitano

OBNG anunciou en rolda de prensa que exporá unha batería de iniciativas, tanto no Parlamento de Galicia como nos concellos onde conta con representación, para reactivar o debate e a demanda do transporte metropolitano en Ourense. A formación política reivindica este servizo e a integración de máis municipios, co fin de que poida chegar a un total de trece concellos da contorna da capital e atenda a 147.000 persoas.

Parálise

A parlamentaria Noa Presas, nunha reunión con candidatos, cargos e dirixentes da organización nacionalistas, apelou á necesidade de superar un modelo do século XIX para adaptalo ao XXI. "A parálise do Concello de Ourense non pode ser un impedimento", afirmou Presas, para que este proxecto tome forma.

Lembrou os "anos e anos de promesas incumplidas" e acusou ao PP de encadear "unha mentira tras outra" e mostrar unha "incapacidade absoluta" para resolver o problema da falta de transporte metropolitano. Así, a parlamentaria do BNG dixo que levarán iniciativas para a súa reactivación tanto á Xunta como aos plenos de todos os concellos nos que teñen representación.

Ilegalidade

O candidato do BNG á alcaldía da cidade, Luís Seara, sinalou que esta formación ten un proxecto claro, "que definimos como integral, íntegro, integrador e integrado". Polo que se refire ao transporte urbano, Seara considera que é fundamental, un asunto estratéxico, para poder consolidar unha estrutura comarcal que sexa referencia do sur de Galicia e do norte de Portugal.

"Se non temos transporte comarcal é porque o Concello de Ourense está absolutamente paralizado", sinalou o candidato do BNG, que culpa directamente ao goberno popular e ao alcalde, Jesús Vázquez, de "ter sumida a cidade na parálise e non caos". Censurou o dirixente nacionalista a situación de "flagrante ilegalidade" na que se atopan



Dirixentes políticos do BNG en rolda de prensa.

gran número de concesións municipais, incluída a do transporte urbano desde o ano 2015.

Preguntouse Luís Seara que ocorrería se no canto de estar a gobernar "lestes incapaces" a situación produciuse durante o anterior mandato do goberno de coalición entre o PSOE e o BNG

O Concello estase movendo na ilegalidade", reiterou Seara, polo que chamou ao goberno local a "sacar un novo prego de contratación" ou que opte pola "xestión completa do servizo". Aínda así, o "máis viable", dixo o líder nacionalista, é a chegada do BNG ao Concello "para darlle solución".

Discriminación

Firvida, de Barbadás, criticou a "discriminación" pola falta deste transporte, e lembrou a súa posta en marcha noutras cidades, tras subliñar que redundaría en "abaratamento ou mellores frecuencias e conexións...".

Pola súa banda, Noa Presas lembrou os "anos e anos de promesas incumplidas" e acusou ao PP de encadear "unha mentira tras outra" e mostrar unha "incapacidade absoluta" para resolver o problema da falta de transporte metropolitano.

Así, a parlamentaria do BNG dixo que levarán iniciativas para a súa reactivación tanto á Xunta como aos plenos de todos os concellos implicados. "Non podemos continuar cun transporte do século XIX", sentenciou.

Neste sentido, esixirán que se estenda este modelo a outros cinco concellos: Taboadela, Nogueira de Ramuín, A Peroxa, Vilamarín e Paderne de Allariz. Agora, o proxecto intégrano Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Pereiro de Aguiar, Punxín, San Cibrao e Toén.

Homenaxe aos grupos de montaña e a empresarios

A asociación Día de Galicia en Asturias homenaxeou aos grupos de montaña e á Marcha a pe a Covadonga, do Centro Asturiano de Oviedo. Foron agasalhados o Grupo de Rescate Especial de Intervención de Montaña da Garda Civil (Greim), a Marcha a pe ao Santuario de Covadonga do Centro Asturiano con motivo do 40 aniversario, a Federación de Montaña do Principado de Asturias, o Grupo de Montaña Vetusta con motivo do 75 aniversario e o Grupo de Montaña Torreblanca por mor do seu 50 aniversario.

Neste mesmo acto de homenaxe aos grupos de montaña presentaron o seu es-

pectáculo o actor vigués Bru-xo Queimán e a cantante e actriz, de Tomiño (Pontevedra) Andrea Pousa.

A Banda de Música Ciudad de Oviedo, ofreceu un maxistral concerto y pechou os actos coa interpretación dos himnos de Galicia, cantado por Andrea Pousa, e o de Asturias.

Con anterioridade, na catedral oficiouse unha misa que foi cantada pola soprano asturiana Tina Gutiérrez.

Na Cámara de Comercio de Oviedo, celebrouse o encontro empresarial Astur-Galaico. Foron homenaxeadas as empresas: Asturfeito, Banco Sabadell Galego, Atai, Adegas Terras Gauda, Escola de Danza Lia, Caldaria, programa Land



Os actos de homenaxe aos grupos de montaña celebráronse no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo.

Rober da TVG, Asociación Galega de Feiras e Eventos (Agafe), Joyería La Perla, Escuela de Empresarias Emprendedoras

de Asturias, Darlim, Pontyn (de Uruguai), Productora de Andrea Pousa, restaurante bar La Paloma e Pulpería A Feira.

Esta empresa ten a sede principal en Ourense, con dous establecementos, e sucursais en Oviedo, Xixón e Avilés.

En Asturias viven máis de 20 mil galegos e en Galicia máis de 17 mil asturianos

En Asturias residen actualmente 22.297 galegos, segundo as últimas cifras publicadas polo Instituto Nacional de Estadística (INE), a data 1 de xaneiro de 2018, dos que o grupo máis numeroso, formado por 9.243 galegos, é o nado na provincia de Lugo; seguido do procedente da

Coruña, con 6.733 persoas; do de Pontevedra, con 3.459; e, por último, do de Ourense, con 2.862 persoas.

Pola súa banda, Galicia acubilla un total de 17.375 asturianos, dos que 6.887 residen na provincia da Coruña, 5.807 na de Lugo, 3.436 na de Pontevedra e 1.251 na de Ourense.



Asturianos e galegos no restaurante El Castillo de la Zoreda (La Manjoya), de Oviedo.

A Feira

BEATO SEBASTIÁN APARICIO, 4 - A PONTE - 32001 OURENSE • T.988 686 628

*o pulpe
de bricos
en Ourense*

Especial Asturias

Rosa Fernández, alpinista asturiana: "O Camiño de Santiago en bicicleta é unha experiencia fascinante"

Facer o Camiño de Santiago en bicicleta é unha experiencia fascinante que recomendo a todo o mundo". Así o dixo no Club Prensa Asturiana do xornal La Nueva España a alpinista Rosa Fernández Rubio, que pronunciou a conferencia "Do Everest ao Monte do Gozo", dentro do acto inaugural dos organizados pola Asociación Día de Galicia en Asturias, que preside o ourensán de Loureiro (Nogueira de Ramuín), Manuel Fernández Quevedo.

Rosa Fernández é a primeira muller asturiana no cume do Everest e primeira española que completou o reto "Sete cumes". Fernández falou na charla das súas expedicións ao Everest e do percorrido en bicicleta que realizou en Kat-

mandú, infestado de dificultades e tamén de satisfaccións. "Ao regreso deime conta de que tiña que fundar un club de bici para mozas. Presenteíno en 2011, vai moi ben", dixo.

Tamén se referiu á estrada que une Lhasa e Katmandú, capitais respectivas de Tíbet e Nepal, coñecida como a Friendship Highway, a "estrada da Amizade", que circula por portos superiores aos 5.000 metros de altitude. O momento culminante chega aos pés do Everest, a montaña máis alta do planeta, con 8.848 metros. Nas proximidades de Lhasa, a estrada chinesa 318 transita en paralelo ao Yarlung Tsangpo, coñecido na India como Brahmaputra. Os tibetanos alcuímanos Zangbo, "purificador". Este apelativo desvela o



Rosa Fernández recibiu de Manuel Fernández Quevedo, a insignia de ouro e o carné de socia de honra da asociación Día de Galicia en Asturias.

seu sentido ao coñecer a tradición, xa case abandonada, de esnaquizar os corpos dos falecidos e tiralos ao río para

servir de alimento aos peixes. Manuel Fernández Quevedo convidou a Rosa Fernández a visitar a Ribeira Sacra e a na-

vegar polo Canón do Sil, ofrecemento que a montañeira de Cangas del Narcea aceptou de bo grado.



Rock Café
Desayuno buffet.
Carta americana.
Rúa Pena Cornelia, 20
988 61 53 16. OURENSE



A'Carballeira
Rey do pulpo e o tapeo
C/ Alonso Quintanilla, 5
33002 OVIEDO
Tl.: 984 29 58 56
f Taberna gallega A'Carballeira tripadvisor

Bar FUENTEFRÍA
Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas
Rúa Viriato, 6
OURENSE



Bodegón Ribeiro
Ramón
Rúa Cabeza de Manzaneda, 28 - Bajo
Tfno.: 988 700 827 - 677 085 054
Casco Historico - Ourense

A asociación Día de Galicia en Asturias entregou as insignias de ouro

O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, presidiu a entrega de insignias de ouro da Asociación Día de Galicia en Asturias, que este ano recaeron en Emilio Esteban González xefe de Oncoloxía do Hospital Universitario Central de Asturias (HUCA) e membro da Real Academia de Medicina, e Rosa Fernández Rubio, alpinista asturiana. O responsable autonómico salientou durante o acto a importancia dos valores que exemplifican ambos homenaxeados, que coinciden cos que Galicia defende tanto fóra como dentro das súas fronteiras.

“A paixón por todo o que fan, a entrega a unha causa cuxo principal obxectivo é mellorar a calidade de vida das persoas e a capacidade de entrega e sacrificio por aquilo que consideran, non só importante, se non tamén xusto acompañou, e aínda acompaña hoxe, aos galegos que viven espallados polo mundo”, sinalou Miranda. “Este son algúns dos motivos



Os homenaxeados posando co secretario xeral da Emigración, autoridades do Concello de Oviedo e presidente da asociación galega.

polos que considero unha honra que estes dous profesionais nos seus diferentes ámbitos formen parte desde hoxe deste elenco de homenaxeados con motivo da celebración do Día de Galicia en Asturias”, engadiu o titular do departamento do Executivo galego.

Dedicación e esforzo

Rosa Fernández Rubio fixo cumio en seis das catorce montañas de máis de 8.000 metros, incluído o monte Everest, e a día de hoxe é, ademais, a única muller española en completar o Proxecto 7 Cumios, escalando as montañas máis altas de todos os continentes.

Aos méritos deportivos desta muller súmanse o seu amor polo Camiño de Santiago, que percorreu varias veces en bicicleta, así como a fundación en 2011 do clube Una a Una, o primeiro equipo ciclista feminino de BTT de España, co que levou a cabo varios proxectos deportivos e solidarios,

e a súa constante colaboración coa Asociación Española Contra el Cáncer (AECC).

Emilio Esteban, quen ten ás súas costas unha dilatada carreira de investigación do cancro que inclúe múltiples publicacións e cargos de responsabilidade en diferentes medios e departamentos, foi nomeado director do laboratorio de Oncoloxía Médica do Principado de Asturias no 2007, e ingresou na Real Academia de Medicina o pasado mes de maio.

Actos culturais e sociais

Miranda participou, xunto ao presidente da Asociación de Día de Galicia en Asturias, Manuel Fernández Quevedo, nos actos conmemorativos da comunidade galega na capital ovetense, que concluíron logo de varios días de actividades culturais, empresariais, sociais e gastronómicas organizados pola entidade. Conferencias, encontros de empresarios, concertos, celebracións litúrxicas e un parque temático con reproducións dos monumentos galegos na rúa Picasso de Oviedo conformaron o programa desta celebración que durou unha semana.

ESTÉVEZ CARBALLO

ESTÉVEZ CARBALLO

TIEN 21

ELECTRODOMÉSTICOS
TV - HIFI - INFORMÁTICA
TELEFONÍA - TV DIGITAL
TODAS LAS MARCAS

Exposición y oficinas:
Avda. de Ourense, 77 - Bajos
32769 Castro Caldelas

GRUP GAMA

PAVIMENTO . AZULEJOS
MUEBLES COMPLEMENTOS - BAÑO
HIDROMASAJE - GRIFERÍAS
SANEAMIENTOS - MAMPARAS
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN EN GENERAL

Contacto:
Teléfonos; 988 203 530 / 988 203 037
E-mail: estevezcarballo@gmail.com

galp
energía

INSTALACIONES DE GAS
CALEFACCIÓN
FONTANERÍA
Y ELECTRICIDAD

Almacén:
Lg. A Rasa
32760 Castro Caldelas

Miscelanea

Redacción

Tres colexios de Monfero, A Coruña e Ames gañan os premios Contádenos o voso Día das Letras

A segunda edición dos premios da Real Academia Galega Contádenos o voso Día das Letras Galegas xa ten gañadores. O CPI Virxe da Cella (Monfero), o CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña) e a EEI do Milladoiro (Ames) recollerán o vindeiro mes de outubro na sede da institución os galardóns do concurso dedicado nesta ocasión a María Victoria Moreno, a quen a RAG homenaxeou co gallo do Día das Letras Galegas 2018. Nesta nova edición participaron máis de 80 centros de toda Galicia, un 15 % máis que na anterior. Todos eles recibirán un diploma da Academia.

Contádenos o voso Día das Letras creouse co obxectivo de coñecer e difundir como celebraron o Día das Letras Galegas os centros encargados da educación do alumnado de menor idade, ao abeiro de Primavera das Letras. Este proxecto web da RAG fornece

desde 2016 a comunidade escolar de contidos lúdicos e didácticos arredor da figura protagonista do 17 maio desde unha perspectiva interdisciplinaria.

O CEIP Plurilingüe Anxo da Garda participou no concurso cun conxunto de actividades variadas que achegaron o alumnado do centro coruñés á vida e á obra de María Victoria Moreno desde a literatura, a música ou o teatro e mesmo foron alén da propia escola. Unha representación na que se entrevista a autora, unha adaptación musical dun poema de Elexías de luz, o concurso "Quen sabe máis de M^a Victoria Moreno?", lecturas de fragmentos de obras da escritora no centro de día de Eirís ou un xogo de cuarto de escape son algunhas das actividades que se desenvolveron neste colexio para celebrar o Día das Letras Galegas.

O CPI Virxe da Cella apostou pola linguaxe radiofónica. O

alumnado de primeiro e segundo gravou un conto inspirado en personaxes das obras de María Victoria Moreno e o de cuarto, un programa dedicado á autora con entrevistas a Eli Ríos, Monste Pena, Francisco Castro, Fran Alonso e Andrea Jamardo.

Na procura dun vínculo emocional entre os nenos e nenas de infantil, a EEI do Milladoiro realizou unha exposición sobre os "cachorros" de María Victoria Moreno que reflectiu o amor da autora polos cancións e mais polos seus alumnos e alumnas, aos que se refería con agarimo con este mesmo apelativo. A mostra valeuse de retratos, datos biográficos, fotografías e retricos da vida da escritora; fragmentos e ilustracións das súas obras nas que aparecen cancións e textos e citas nas que lembra o seu labor como docente e o seu xeito de entender o ensino e de se relacionar cos mozos e mozas.

O BNG móllase contra a xenofobia e o racismo

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, vén de presentar unha batería de emendas na Comisión de Liberdades Cívicas, Xustiza e Asuntos de Interior do Parlamento Europeo, da que é membro. As 20 propostas presentadas van encamiñadas a garantir que os futuro Fondo Social Europeo (FSE) poida facer unha "política efectiva" de prevención da xenofobia e a intolerancia nun contexto europeo de aumento do populismo ófobo polo aumento dos movementos migratorios crecentes no que debe potenciarse a integración das persoas.

"Agora que se están negociando os fondos europeos é o momento de facer as propostas ao Fondo Social Europeo que permitan unha maior protección dos dereitos humanos e as liberdades e loitar contra o racismo e a xenofobia", explica a eurodeputada nacionalista, quen considera que a Comisión de Liberdades xoga un papel fundamental no freo da deriva ultraconservadora e autoritaria que se está producindo nalgúns dos Estados Membros da UE.

Outra das emendas presentadas polo Bloque na Comisión de Liberdades refírese á protección dos menores migrantes que viaxan sen estar acompañados. "É imprescindible garantir a súa seguridade, pois de moitos xa non se sabe nin onde están e temos que evitar que caian en mans das mafias que operan aproveitando a súa febleza", explica Ana Miranda.

Neste sentido recorda que na sesión plenaria do pasado mes de abril, o Parlamento Europeo aprobou unha Resolución, que sinala que a protección dos menores, independentemente de se son refuxiados ou non, debe ser un obxectivo prioritario.

Participación cidadá

Para levar a cabo estas pro-



Miranda no campamento de Calais

postas Miranda considera imprescindible promover a participación da cidadanía e da sociedade civil, tanto desde o ámbito galego e local. Nesta liña vai encamiñada outra das emendas presentadas pola eurodeputada do BNG, para quen "as organizacións que traballan de forma descentralizada deben recibir os fondos necesarios para desenvolver as súas tarefas na defensa dos dereitos humanos e as liberdades".

Por outro lado, a Comisión de Liberdades deu un primeiro paso na creación dun novo instrumento legal, o Visado Humanitario Europeo, que facilite o paso seguro ás persoas refuxiadas que queiran solicitar asilo. "Con esta ferramenta queremos reducir as mortes no mar e proporcionar vías seguras de entrada, xa que o sistema de asilo europeo actual só permite que as solicitudes de asilo sexan administradas exclusivamente polo primeiro país de entrada", explica Ana Miranda.

A Unión Europea conta actualmente cun Regulamento sobre o asilo que só se aplica ás persoas que chegan ao territorio da UE e tramitaran solicitude de asilo, máis que non garante unha entrada segura en territorio europeo; pola contra, o Visado Humanitario Europeo (VHE) proporcionaría ás persoas refuxiadas unha vía de entrada segura, xa que se podería solicitar directamente dende un terceiro país, e garantiría a seguridade das persoas e a legalidade.

FESTIVAL INTERNACIONAL

KEROUAC

POESÍA E PERFORMANCE

8ª edición - 4, 5, 6, 7, 8 - Vigo

Paula Cascallar
// Vilagarcía

Carolina Conti e Federico Cendagorta
// A Coruña - La Plata

E. R. Pulgar
// New York

Silvana Lameiro e Javier Kniffi
// Bos Aires - México

Francisco Koki
// A Guarda

Brais Nogueira e Xoán López
// Vigo

Poesía Canalla
// Compostela

Cofre de poemas:
Jaru Poefan
// Pectonave

Domingo 7 outubro 2018

Mercado do Berbés

Tedillo Llarante 30, Vigo

13:00h

Entrada gratuita

www.festivalkerouac.com

A Policía Local denuncia ao Concello ante a DXT por "atentado contra a Seguridade do Tráfico"

O Concello de Ourense foi denunciado ante a Dirección Xeral de Tráfico por "atentado contra a Seguridade do Tráfico con grave risco para a integridade física das persoas". A denuncia alude a que o Goberno de Jesús Vázquez promove desde a institución municipal as distraccións ao volante nalgúns concretos puntos da cidade. E prodúcese en plena campaña da DXT de vixilancia e concienciación dos perigos que ditas distraccións supoñen para a conducción.

A denuncia, que foi presentada polos policía locais da cidade, alude a tres das pantallas xigantes instaladas na capital ourensá. E refire á DXT

a controversia que tales paneis representan, pois "resulta paradoxal que a Lei de Seguridade Viaria requira ao condutor a máxima atención á conducción, e sexa a Administración quen incite, por motivos oscurantistas e interesados, a que faga o contrario". Indica, así mesmo, non só que o proceder do Goberno municipal "fai que o cóctel provocador do Concello sexa completo para que suceda unha desgraza"; senón que o feito consumouse. E adxunta documentación en relación a accidentes de tráfico ocorridos na rúa Pardo de Cela que poderían achacarse a distraccións provocadas polo panel instalado na confluencia con Avilés de Taramancos.

Denuncias

A denuncia refire as advertencias que se fixeron chegar ao Concello desde a Policía Local en relación ao asunto; o informe desfavorable da xefa da Policía Local indicando cambios de orientación dos pantallas; a moción aprobada en Pleno pola que a oposición pediu a retirada das devanditas pantallas; denuncias dos propios policía locais e outros colectivos como Stop Accidentes; e, mesmo, unha denuncia ante a Fiscalía de Ourense. Fronte a todo isto, o Concello de Ourense non fixo senón consumir o que a denuncia entende que contraviene a Lei de Seguridade Viaria e as directrices que ins-



Panel publicitario en rúa Pardo de Cela con rúa Avilés de Taramancos.

piran a campaña da DXT actualmente en marcha.

A denuncia sinala: "Resulta paradoxal que a Lei de Seguridade Viaria requira ao condutor a máxima atención á conducción, e sexa a adminis-

tración quen incite, por motivos oscurantistas e interesados, a que faga o contrario, instalando pantallas dixitais dirixidas ao tráfico rodado como está a pasar no Concello de Ourense"

En Marea levará ao Parlamento iniciativas para romper o "asedio" que mantén o PP sobre a cultura ourensán

A deputada de En Marea por Ourense, Ánxeles Cuña asegurou que a cultura na cidade estaba "sufrindo un asedio por parte do PP". Este "asedio" significa que se tentan desactivar todas as iniciativas culturais de base, de carácter participativo ou que teñan que ver coa mellor historia dos movementos culturais de Ourense, como pode ser a Casa da Xuventude. Na rolda de prensa na que se presentaron as iniciativas que se van levar ao Parlamento de Galicia, o voceiro de Ourense en Común, Martiño Xosé Vázquez explicou que se volverá a pedir no pleno municipal a "dimisión da responsable de Cultura do PP" por unha xestión que só conduce a desactivar a vida cultural na cidade.

Para Ánxeles Cuña "a cidadanía de Ourense ama a cultura" e o actual goberno mu-

nicipal só está dando pasos para acabar coa vida cultura da cidade. Cuña sinalou que a historia de Ourense explica a súa relación coa cultura porque a cultura en Ourense "é un sinal de identidade, algo que nos caracterizou desde sempre e co que nos sentimos identificados". Para a deputada esta identificación vén de antigo, "pero agora non se trata de falar do pasado, senón do presente cultura da cidade, un presente que o PP mantén en asedio para someter a toda a cultura da xente, de base, participativa".

Para a deputada por Ourense, hai situación moi obvias que explican cómo se está traballando para "esnaquizar a cultura ourensán". Citou, entre outros casos, o exemplo da Casa da Xuventude "unha entidade que funcionou de maneira modélica con Benito Losada e que non

necesitaba eses cambios introducidos pola Xunta para facela desaparecer". Tamén se referiu Cuña Bóveda a situación de desaparición ou crise pola que pasan os festivais, as actividades e moitos colectivos na cidade "aos que se lles retirou o apoio económico". Cuña Bóveda tamén se referiu ás figuras da cultura da cidade, como o propio Benito Losada ou Marcos Valcárcel para exemplificar un tipo de modelo cultural que existe en Ourense que serve para ter "unha cidade mellor, unha cultura que suma e que engade valor".

Atenas de Galicia

Pola súa parte, o voceiro de Ourense en Común, Martiño Xosé Vázquez, explicou que en Galicia fálase moito de Ourense como Atenas de Galicia e "mesmo o alcalde non deixa de utilizar esta expresión, pero non ten dereito a



Martiño Vázquez e Ánxeles Cuña en rolda de prensa.

usala porque o seu goberno está tentando que Ourense deixe de ser unha cidade cultural como foi sempre". O voceiro de OUeC explicou que non se pode considerar "casual" a perda progresiva de actividade cultural na cidade que ten "unha relación directa coa forma en que goberna o PP e en que tipo de actividades culturais favorece". Vázquez sinalou que Ourense en Común volvería a pedir no

pleno municipal a "dimisión da concelleira de Cultura porque a situación cultural da cidade non pode estar en peor situación".

Vázquez asegurou que casos como o do festival de cine, que foi un dos emblemas da cidade, era a demostración da mala xestión do PP na cidade e cualificou de moi malo que "este festival creado desde a cidade acabe sendo xestionado desde o Pazo provincial".

Fallada a primeira edición do certame "Imaxes do Patrimonio"

Dúas ducias de Escolas galegas e portuguesas reúnen un milleiro de estampas do patrimonio. As fotografías formarán parte do arquivo virtual do patrimonio inmaterial galegoportugués.

Unha ducia de persoas, a maioría mulleres, arredor de cadansúa bicicleta, retratándose no ano 1960 en Salvaterra de Miño xusto antes de saír a percorrer máis dunha ducia de quilómetros para iren a unha festa de entroido nunha vila veciña; a familia dun rico propietario agrícola da parroquia portuguesa de Serzedo, retornado con fortuna da emigración brasileira, a comezos do século XX; unha familia de labregos canda aos seus animais preparados para iren ao millo... Son algunhas das escenas que podemos ver nas fotografías premiadas no I Certame de Fotografía 'Imaxes do Patrimonio' convocado durante o pasado curso escolar pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!

Co inicio do presente curso, vimos de coñecer a decisión do xurado e o conxunto de fotografías premiadas (dez imaxes premiadas nas categorías de ensino primario e secundario) e participantes (arredor dun milleiro de imaxes recibidas). Formaron este xurado Anxo Cabada profesor e fotógrafo, Xerardo Pereiro profesor e antropólogo, Vitor Pinto profesor e fotógrafo, Cristina Sánchez-Carretero investigadora e antropóloga e Xerardo Feijoo membro da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! actuando como secretario con voz e sen voto. Xurado e asociación agradécenlle aos centros de ensino, profesorado e alumnado, de Galicia e Por-



tugal, a súa participación nesta primeira edición do certame.

Era obxectivo prioritario da convocatoria axudarlle ás novas xeracións a descubriren a existencia dun rico e variado Patrimonio Cultural Común. Con esa finalidade, propúxoselles que buscaran, na compañía dos seus familiares, aquelas fotos que contivesen elementos dese patrimonio cultural, na procura de elementos e vivencias concretas para constatar, desde o presente, o valor que cumpriron e seguen a cumprir, manifestacións culturais que polo seu simbolismo forman parte da nosa memoria colectiva. Gran calidade dos traballos presentados.

O xurado destaca a gran calidade das imaxes recibidas, acompañadas de textos con referencias explicativas. Os premios serán entregados nun evento a celebrar o próximo mes de novembro, arredor do Día do Patrimonio.

As imaxes gañadoras e participantes poden visualizarse ao completo desde esta ligazón: <http://escolasnasondas.com/i-certame-de-fotografia-imaxes-do-patrimonio-as-ganadoras/>

Máis de vinte anos de traballo en prol do patrimonio

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!, organizadora do certame, leva máis de vinte anos traballando na divulgación do Patrimonio Inmaterial galego-portugués. Coordinados por docentes galegos e portugueses, milleiros de alumnas e alumnos de escolas de Galicia e Portugal teñen participado en anos anteriores nos certames de Recolla do Patrimonio Inmaterial organizados pola Asociación. Un vizoso material que pode atoparse na web www.opatrimonio.org.



Categoría Ensino Primario/Ensino Básico

- 1º Premio Miriam Sousa Magallanes, CEIP Infante Felipe De Borbón (Salvaterra de Miño)
- 2º Premio Gonzalo Faro Casamayor CEIP Plurilingüe Infante Felipe De Borbón (Salvaterra de Miño)
- 3º Premio Roberto Rajo Gómez CEIP Plurilingüe Infante Felipe De Borbón (Salvaterra de Miño)
- 4º Premio Lucas Nande Cambra CEIP Plurilingüe Infante Felipe De Borbón (Salvaterra de Miño)
- 5º Premio Sofia Carrete García CPI Uxío Novoneira (Pedrafita do Cebreiro)

Categoría Ensino Secundario Obrigatorio / Ensino Secundario

- 1º Premio Vasco Resende de Sousa Escola EB2/3 Sophia Mello Breyner – Arcozelo
- 2º Premio Martín Vidal Márquez IES Terra de Turonio
- 3º Premio Maruxa Malvar Torres IES Ponte Caldelas
- 4º Premio Iria Martinez Sambade IES Plurilingüe Fontexería- Muros
- 5º Premio Alexandra da Silva Artillheiro Escola Profissional Infante D. Henrique

Premio Especial á escola que enviou o conxunto maior de fotografías que teñan grande relevancia polo seu contido: CEIP Infante Felipe de Salvaterra de Miño